

NOTA

O membro de HISTAGRA **Ramón Villares Paz** publica o libro, **Os exilios ibéricos: unha ollada comparada. Nos 70 anos da fundación do Consello de Galiza**, xunto ao profesor Xosé Manoel Núñez Seixas



Sobre o libro:

Reúnense neste volume os textos presentados e obxecto de debate no marco do simposio Os Exilios Ibéricos en Clave Comparada, que co gallo do 70 aniversario da fundación en Montevideo do Consello de Galiza foi realizado en Santiago de Compostela os días 14 e 15 de novembro de 2014, coorganizado polo Consello da Cultura Galega e o Grupo de Investigación da USC Historia Política e dos nacionalismos (HISPONA). O conxunto de experiencias aquí reflectidas, de estudos de casos e mais de reflexións conceptuais que se presentan ao público lector constitúen, ao noso entender, un achegamento orixinal, calidoscópico e cheo de suxestións teóricas e metodolóxicas que sen dúbida han arriquecer o debate internacional, fieis á fórmula de enxergar a historia de Galiza como unha célula de universalidade, e a historia do exilio galego como un laboratorio acaído para o tratamento de cuestións máis amplas, que se remiten ás novas olladas historiográficas sobre os exilios e as migracións.

HISTAGRA na publicación

O catedrático de Historia e membro de HISTAGRA participa na publicación sendo responsable da edición e co artigo: "O Consello de Galiza na estratexia dos exilios ibéricos, 1939-1950"

Ficha do libro:

Titulo: Os exilios ibéricos: unha ollada comparada. Nos 70 anos da fundación do Consello de Galiza
Edición: Ramón Villares e Xosé M. Núñez Seixas
Publicación: Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2017

Ligazóns:

<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4305>



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"